

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Son competencias exclusivas do Estado segundo a Lei Xeral de Sanidade:

- A) Control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- B) A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- C) Control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruídos e vibracións.
- D) Asistencia social.

2. A duración máxima conxunta dos tempos de traballo correspondentes á xornada complementaria e ordinaria será de:

- A) 40 horas semanais de traballo efectivo, de media en cómputo semestral.
- B) 40 horas semanais de traballo efectivo, de media en cómputo trimestral.
- C) 48 horas semanais de traballo efectivo, de media en cómputo semestral.
- D) 48 horas semanais de traballo efectivo, de media, en cómputo trimestral.

3. Segundo a Lei 31/1995 de prevención de risco laborais, sinala a opción correcta:

- A) Os delegados de prevención están facultados para realizar as avaliacións de carácter preventivo do medio ambiente de traballo
- B) O comité de seguridade e saúde é o órgano paritario e colexiado de participación, que se reunirá 3 veces ao ano e sempre que os solicite algunha das representacións no mesmo.
- C) Os instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos son a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.
- D) Dentro das funcións do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo, atópase vixiar o cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como das normas xurídico-técnicas que incidan nas condicións de traballo en materia de prevención, propoñendo no seu caso a sanción correspondente.

4. A historia clínica deberá ser única por paciente:

- A) Polo menos en cada área sanitaria.
- B) Polo menos en cada Servizo de Saúde.
- C) Polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- D) Polo menos en cada zoa básica de saúde.

5. Sinala cal dos seguintes non é un elemento definidor da concreción constitucional da definición do Estado como democrático:

- A) A división de poderes.
- B) A soberanía popular.
- C) O pluralismo político.
- D) O dereito de participación nos asuntos públicos dos cidadáns.

6. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia é:

- A) Parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Un sistema independente do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

7. Para participar nos procesos selectivos para a promoción interna por parte do persoal estatutario fixo será preciso ostentar nomeamento como persoal estatutario fixo na categoría de procedencia durante:

- A) 2 anos na categoría de procedencia.
- B) 3 anos na categoría de procedencia.
- C) 4 anos na categoría de procedencia.
- D) 5 anos na categoría de procedencia.

8. Sinale de cal das seguintes atribucións non está investido un conselleiro:

- A) Asinar, en nome da Xunta, os contratos relativos a asuntos propios da súa consellería.
- B) Expor ante o Parlamento de Galicia, a cuestión de confianza.
- C) Exercer a iniciativa, dirección e inspección de todos os servizos da consellería e a alta inspección e demais funcións que lle correspondan respecto dos organismos autónomos adscritos a este.
- D) Exercer a potestade regulamentaria en materias da súa consellería.

9. Segundo recolle a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes o consentimento do paciente será solicitado:

- A) Polo persoal sanitario non facultativo encargado do enchemento da historia clínica.
- B) Polo persoal administrativo que desempeña as súas funcións na Unidade ou Servizo responsable da prestación da asistencia sanitaria ao paciente.
- C) Polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente.
- D) Polo médico designado polo centro sanitario para a atención do paciente ou polo que practique a intervención diagnóstica ou terapéutica do propio paciente.

10. As sancións impostas por faltas moi graves ao persoal estatutario prescriben:

- A) Aos 5 anos.
- B) Aos 4 anos.
- C) Aos 3 anos.
- D) Aos 2 anos.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, sinale cal non é un principio reitor do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A universalidade do dereito aos servizos e ás prestacións de cobertura pública.
- B) A promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso e na prestación dos servizos sanitarios.
- C) A ampliación, cando proceda, do catálogo de prestacións básicas ofrecidas polo Sistema Nacional de Saúde.
- D) A información sobre as formas de vida saudables.

2. De acordo coa Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, o responsable do tratamento ten a obrigaón de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado no prazo de:

- A) 10 días.
- B) 15 días.
- C) 20 días.
- D) 1 mes.